

Auto do Regato do Cepelo

Manuel María

PASO I

Praciña do Concello de Outeiro de Rei da Terra Chá: un espazo triangular e íntimo.

A CASA DO CONCELLO: alta, cadrada, pesada mais con certo aquel.

DON CAPITÓN, o Alcalde, moi teso e finchado, desde o balcón do consistorio diríxese aos veciños dun xeito solemne, campanudo e todo cheo de razón.

Dúas parellas de CORVOS revoan arredor de DON CAPITÓN.

A luz é gris e triste.

DON CAPITÓN.-Meus mandados: levo cavilando día tras día, ano a ano, o xeito de facer desta vila algo fermoso, moderno, culto e civilizado. Como comezo desta política ocorréuseme desecar o Regato do Cepelo, un fío de auga que desacredita a parroquia e todo o termo municipal...

CORVOS.- Gra, gra, gra...!

GALO.-Moi ben mandado e ordenado. Si, señor! Así aprenderá...!

BURRO.- Que vai aprender?

GALO.-Pois o tal regato do carano aprenderá que é indigno andarse arrastrando polo chan como unha cóbrega. Que non se pode estar sempre o mesmo sen evolucionar, sen aumentar o propio caudal. Que non se pode seguir sendo pobre toda a vida... Que digo pobre? Miserento!

CORVOS.- Gra, gra, gra...!

DON CAPITÓN.-Moi ben polo GALO. Cómpre ser coma el e tomar exemplo: cantar para que naza o día. Con moi bo sentido, non se desmantelaron os estaleiros, a pesca, a industria, a agricultura e non se encheu todo de multinacionais...? Temos que ser europeos e deixarnos de prosmeiradas. O GALO ten razón!

BURRO.-Non, señor! Non ten razón!

CORVOS.- Gra, gra, gra...!

GALO.-Si, señor! Así se fala!

DON CAPITÓN.- Non señor, non señor, non señor! Aquí quen manda son eu! Se non se me obedece chamo os axentes da autoridade. Ben entendido: da miña autoridade!

BURRO.-O REGATO DO CEPELO é unha feble vea de auga pura e cristalina que baixa cantando, alegrando o mundo, fertilizando a terra, espellando as xentís abidueiras, dando de beber aos paxaros...

CORVOS.- Gra, gra, gra...!

GALO.- Que retrógrado! Que burra quente! Que paridas se lle ocorren a ese fulano! En que mundo vives?

DON CAPITÓN.-Hei de borrar do mapa o tal rego, regato ou regueiro. Mando que a súa canle se encha de cemento armado e, sobre ela, se fagan carreiras de motos e autos, de bicicletas, patíns e patinetes... A única música digna de escoitarse é a dun cornetín de ordes. Onde estean piñeiros e eucaliptos que desaparezan as ridículas abidueiras, pois mesmo semellan señoritangas románticas e mexeriqueiras. Os

paxaros que beban whisky, cervexa ou coca-cola, para iso estamos nunha sociedade de consumo. Ou non? Dixin e non volvo dicir!

CORVOS.- Gra, gra, gra...!

GALO.- Quiquiriquí, quiquiriquí,
que ben falaches ti!
Quiquiriquí, quiquiricón,
que listo é DON CAPITÓN!

DON CAPITÓN.-Grazas, amado pobo. Comprobo con satisfacción que me comprendedes.

BURRO.-Estades tolos, cegos, xordos, parvos e trabucados. Andades a rematar co equilibrio e a beleza do mundo!

DON CAPITÓN.-Que veñan pas mecánicas, amasadoras, furadoras, apisoadoras ...! Remataremos de vez co REGATO DO CEPELO! Morra o REGATO DO CEPELO! Viva o cemento armado! Vivan os mandamais!

PASO II

O REGATO DO CEPELO baixa polo monte, desde o Trollo da Agüela, que lle dá nacemento, até As Regas. As cristalinas augas desfanse en branquísimas escumas, remánsanse, ondúlanse, transfórmanse en diamantes.

A PAISAXE contempla o REGATO DO CEPELO con ollos de namorada e os ouvidos ben abertos para apreixar a canción da auga murmuradora.

REGATO DO CEPELO (*cantando*).- A rosa rosiña
está na roseira
ben coloradiña,
feliz e riseira!

A rosa rosada
de tanto lucir
a mesma alborada
a pode ferir.

A rosa rosiña
está no rosal:
tes de ser miña,
rosiña xangal!

A rosa rosada
de tenro mencer
é tan delicada
que pode morrer!

Para esta rosiña,
fachenda de maio,
incluso é espiña

a flor dun salaio!

A rosa rosada
xa é miña amiga:
quedou namorada
con esta cantiga!

ABIDUEIRA LANZAL.- Que ben quedan os versos na máxica voz do regato!

ABENEIRO VELLO.- Cando o regato andaba namorado deulle por componer versos.

ABIDUEIRA LANZAL.- Namorado de quen...?

ABENEIRO VELLO.- Non sabes...? Pois, si: andou namorado dunha LAVERCA
ceibe e chiadora, moi graciosa.

ABIDUEIRA LANZAL.- Non o sabía.

ABENEIRO VELLO.- Pois ben toliño que estaba.

ABIDUEIRA LANZAL.- E que aconteceu con eses amores?

ABENEIRO VELLO.- Só sei que a LAVERCA desapareceu.

ABIDUEIRA LANZAL.- Así, sen máis...

ABENEIRO VELLO.- Sen máis... Quizais a fusilou un cazador. Ao peor asasinouna
DON CAPITÓN: ese é capaz de todo.

ABIDUEIRA LANZAL.- Pobre LAVERCA!

ABENEIRO VELLO.- Pobre REGATO!

ABIDUEIRA LANZAL e ABENEIRO VELLO (*a coro*).- Pobres os dous!

Faise un silencio fondo.

*A ABIDUEIRA LANZAL e o ABENEIRO VELLO deixan caer
unhas bágoas moi sentidas que o REGUEIRO recolle
emocionado.*

*As bágoas da ABIDUEIRA LANZAL e do ABENEIRO
VELLO ao caer nas ondas fanse, respectivamente, rosas brancas
e caraveis vermellos. E aí van, REGATO abaxo, indecisas e
tremelantes, finxindo minúsculos batuxos nos que poden navegar
os desexos non cumplidos.*

*Nese intre, case máxico, ou sen case, aparece o mangallón
de DON CAPITÓN á fronte de PAS MECANICAS,
AMASADORAS, TRITURADORAS, APISOADORAS que fan un
bruido arrepiante.*

DON CAPITÓN (*imperativo, ás MÁQUINAS*).- Firmes! Aliñarse! Descanso! Agora
aprendede ben o que vos vou dicir: quero un traballo perfecto e que non quede unha
faragulla deste REGO, REGATO OU REGUEIRO anano e piolloso! Entendido?
MÁQUINAS (*a coro, cunha voz arrepiante*).- Entendido!

*Subitamente aparecen no lugar MANUEL DE PADERNA e o
seu amigo MARTÍN IGLESIAS. Veñen correndo, case alasando
e, REGATO por medio, enfróntanse con DON CAPITÓN e as
MÁQUINAS.*

MARTÍN IGLESIAS.- Alto, alto, alto...!

DON CAPITÓN.- Que alto nin que carafio? (*Ás MAQUINAS:*) Ao ataque e sen perder
tempo!

As MÁQUINAS comezan a poñerse en movemento, dispostas a actuar.

MANUEL DE PADERNA agancha pola ABIDUEIRA LANZAL e MARTÍN IGLESIAS polo ABENEIRO VELLO.

MANUEL DE PADERNA (*con solemne voz de esconxuro, desde a ABIDUEIRA LANZAL*).- Ferros.potentes e fríos,

se vós tedes corazón:
non vos metades en líos,
deixade a DON CAPITÓN!

Facédeme caso a min:
este REGATO OU REGUEIRO
ten o poder de Merlin
e as artes dun feiticeiro!

DON CAPITÓN (*desesperado*).- Non lle deades creto a ese tolo! Quen mando son eu!
Son o Alcalde, o Alcalde...!

As MÁQUINAS arrodean a DON CAPITÓN.

A PA MECÁNICA alonga subitamente o seu brazo mecánico e, nun abrir e pechar de ollos, leva a DON CAPITÓN metido no seu cazo.

As MÁQUINAS foxen a todo meter. Pérdense na distancia escoltadas por unha bandada de CORVOS XIGANTES.

DON CAPITÓN (*desde o brazo da PA MECÁNICA, a berros angustiosos*).-

Bandidos! Canallas! Crápulas! Xentalla! Xa mas pagaredes todas xuntas! Heime vingar ben vingado! Fareivos beber dun golpe toda a auga dese REGATO do nabizo! Toda! ¡en deixar unha pinga!

O REGATO DO CEPELO, ledo como un cuco, ponse de pé para ollar mellor como desaparecen as MÁQUINAS levando a DON CAPITÓN.

A ABIDUEIRA LANZAL e o ABENEIRO VELLO, cheos de felicidade, comezan a bailar unha muiñeira, asubiada a díuo por MANUEL DE PADERNA e o seu amigo MARTÍN IGLESIAS.

Un enorme cachón de luz estoura na escena.

Cae o pano, se o hai, e remata este auto.